

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia, Memoria, Identidade e Patrimonio Cultural				
Materia	Historia, Memoria, Identidade e Patrimonio Cultural			
Código	O02M143V01209			
Titulación	Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Prada Rodríguez, Julio			
Profesorado	Prada Rodríguez, Julio Rodríguez Teijeiro, Domingo			
Correo-e	jprada@uvigo.es			
Web	http://http://faitic.uvigo.es/			
Descrición xeral	O obxectivo desta materia e capacitar ao alumnado para a toma de decisión sobre a función que se asigna ao patrimonio cultural dende a perspectiva dos procesos de reprodución simbólica e cultural do pasado e dotalo das ferramentas precisas para a súa posta en valor e uso público.			

Competencias	
Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Adquirir a capacidade para diferenciar e valorar as diversas expresións do Patrimonio Cultural, coñecer as ferramentas para a súa cuantificación e protección, así como as diferentes perspectivas que abordan a súa xestión.
C8	Entender os valores multifactoriais do Patrimonio cultural, e valorarlo adecuadamente conforme a criterios de uso social.
C16	(CE3-M4) Desenvolver a capacidade para a tóma de decisións sobre a función que se asigna ao Patrimonio, a súa posta en valor e uso público, e para a elaboración de estratexias encamiñadas á súa recuperación.
D1	Poder integrar as diversas informacións e datos aportados por diversos técnicos e ferramentas na redacción de conclusións de acción.
D2	Ser capaces de predecir e controlar a evolución de situacións complexas mediante o desenvolvemento de novas e innovadoras metodoloxías de traballo adaptadas ao ámbito científico/investigador, tecnolóxico ou profesional concreto, en xeral multidisciplinar, no que se desenvolva a súa actividade.

D3	Saber transmitir dun modo claro e sen ambigüidades a un público especializado ou non, resultados procedentes da investigación científica e tecnolóxica ou do ámbito da innovación máis avanzada, así como os fundamentos máis relevantes sobre os que se sustentan.
D4	Concebir a protección do Patrimonio cultural nun marco de desenvolvemento sostible.
D5	Adquirir coñecementos avanzados e demostrar, nun contexto de investigación científica e tecnolóxica ou altamente especializado, unha comprensión detallada e fundamentada dos aspectos teóricos e prácticos e da metodoloxía de traballo nun ou máis campos de estudo.
D6	Coñecer e manexar a lexislación aplicable ao sector, coñecer a contorna social e empresarial e saber relacionarse coa administración competente integrando este coñecemento na elaboración de proxectos de enxeñaría e no desenvolvemento de cualquera dos aspectos do seu labor profesional.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Capacitar ao alumnado para a toma de decisións sobre a función que se lle asigna ao patrimonio, a sua posta en valor e uso público.	A1 A3 B1 C16 D6
Coñecer os procesos de reproducción simbólica e cultural do pasado.	B1 C8
Dotar ao alumnado de fermentas para o manexo das fontes específicas.	A2 A4 A5 D1 D2 D3 D4 D5

Contidos

Tema	
Introdución e conceptos básicos	Aproximación aos conceptos básicos. Os debates sobre a memoria, identidades e patrimonio.
Patrimonio Cultural, Mentalidades e Identidades Colectivas.	Procesos históricos de reproducción simbólica e cultural do pasado. Configuración das identidades colectivas.
Memoria e lugares da Memoria Colectiva	Concepto de memoria e relacións historia/memoria. Os lugares da memoria e a súa aplicación. Os usos públicos da memoria
Estudio de casos	A memoria oral. A patrimonialización dos espazos represivos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Titoría en grupo	4	30	34
Estudo de casos/análises de situacións	0	24	24
Resolución de problemas	0	15	15
Outras	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Aproximación aos conceptos básicos. Introdución ao debate en torno a historia, identidades, memoria e patrimonio.
Titoría en grupo	Comentario e análise dos principais contidos teóricos da materia con axuda de medios audiovisuais. O alumnado terá a posibilidade de asistir á devandita sesión en forma de videoconferencia
Estudo de casos/análises de situacións	Análise dun problema ou caso real, coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, diagnosticalo e penetrarse en procedementos alternativos de solución, para ver a aplicación dos conceptos teóricos na realidade. Empregaranse como complemento das clases teóricas para o autoaprendizaxe.
Resolución de problemas	O alumnado debe leer e analizar os documentos de traballo sinalados e realizar as actividades/exercicios propostos.

Atención personalizada

Probas	Descrición
Outras	A atención personalizada consistirá na orientación e guía ao alumnado a través da plataforma de teledocencia Moodle e da aula e-meeting para facilitarlle a toma de decisións sobre a función asignada ao patrimonio, a súa posta en valor e uso público.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Estudo de casos/análises de situacións	Avaliación dos resultados do Estudo de casos. Resultados da aprendizaxe avaliados: Dotar ao alumnado de ferramentas para o manexo das fontes específicas. Capacitar ao alumnado para a toma de decisións sobre a función que se lle asigna ao patrimonio, a súa posta en valor e uso público.	50	A1 A2 A3 A4 A5	B1	C16	D1 D2 D3 D4 D5 D6
Resolución de problemas	Avaliación das actividades realizadas. Resultados da aprendizaxe avaliados: Capacitar ao alumnado para a toma de decisións sobre a función que se le asigna ao patrimonio, a súa posta en valor e uso público.	20	A1 A3	B1	C16	D6
Outras	Participación Activa Resultados da aprendizaxe avaliados: Coñecer os procesos de reprodución simbólica e cultural do pasado.	30		B1	C8	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Cada estudante, segundo a normativa vixente, ten dúas convocatorias de avaliación.

A primeira lévase a cabo durante o cuadrimestre de docencia. En primeiro lugar, ao longo das semanas de docencia da materia, mediante a entrega das actividades de avaliación requeridas. No caso de que as semanas de docencia da materia non sexan suficientes para a entrega de todos os traballos previstos, habilitaranse na plataforma de docencia dúas semanas adicionais, ao final do cuadrimestre, para facilitar a devandita entrega, establecéndose neste caso un cronograma alternativo de entrega de tarefas.

A segunda avaliación realízase no mes de xullo, para o cal habilitarase de novo o acceso á plataforma docente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

ALTED VIGIL, A. (coord.), **Entre el pasado y el presente. Historia y memoria**, UNe, 1986

BERAMENDI, J. y BAZ, M. J., **Identidades y memoria imaginada**, Prensas Universitarias Valencianas, 2011

CANDAU, J., **Memoria e identidad**, Editorial Del Sol, 2008

COLMEIRO, J. E., **Memoria histórica e identidad cultural. De la posguerra a la postmodernidad**, Anthropos Editorial, 2005

FORCADELL, C. et alii (eds.), **Usos de la historia y políticas de la memoria**, Prensas Universitarias de Zaragoza., 2004

GARCÍA CUETOS, Mª P., **El patrimonio cultural: conceptos básicos**, Prensas Universitarias de Zaragoza., 2011

HALBAWCHS, M, **La Memoria colectiva**, Miño y Dávila Editores, 2011

RACEDO, J. et al., **Patrimonio cultural e identidad: culturas populares, memoria social y educación**, Ediciones Cinco, 2004

THOMPSON, Paul, **La voz del pasado. Historia Oral**, Edicions Alfons El Magnánim, Institució Valenciana, 1998

AGUILAR, P., **Políticas de la memoria y memoria de las políticas**, Alianza, 2008

ARÓSTEGUI, J., **La Historia Vivida. Sobre la Historia del Presente**, Alianza, 2004

CUESTA, J., **La Odisea de la Memoria. Historia de la Memoria en España**, Alianza, 2008

GARCÍA MARCHANTE, J.S. y POYATO HOLGADO, Mª C., **La función social del patrimonio histórico: el turismo cultural**, Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2002

GODOY, C. (comp.), **Historiografía y memoria colectiva: tiempos y territorios**, Miño y Dávila Editores, 2002

KOSELLECK, R, **Estratos de tiempo: estudios sobre la historia**, Editorial Paidós, 2011

Recomendacións

Outros comentarios

A docencia da materia lévase a cabo utilizando a plataforma docente Moodle e, de maneira presencial, participando nas actividades docentes a través de videoconferencia ou a través de ferramentas de conexión remota sincrónica (como Adobe Connect). Para poder recibir a docencia de maneira efectiva, recoméndase, previamente ao inicio da materia, consultar o manual de acceso á plataforma e seguir as especificacións técnicas para poder asistir ás sesións remotas. Esta información está disponible no espazo común do máster. É imprescindibel que o alumno acceda á plataforma docente da materia previamente ao inicio da mesma.